



ANUNCIO

RESULTADOS DO PROCESO SELECTIVO (PRIMEIRO EXERCICIO) PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR NOMEAMENTOS INTERINOS OU CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS PARA O POSTO DE ARQUITECTO/A TÉCNICO – APARELLADOR/A.**(Bases publicadas no BOP núm. 206 de 29.10.2018)**

Reunida a comisión seleccionadora con data 29 de xullo de 2019 para a formación dunha bolsa de traballo para realizar nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais para o posto de arquitecto/a técnico – aparelador/a, ACORDA:

1º.- Publicar os resultados do primeiro exercicio obtidos polos candidatos presentados:

APELIDOS E NOME	Correctas	Erróneas	Branco	Puntos
ABELLEIRA SÁNCHEZ, Patricia	24	16	0	4,40
ANIDO PUENTE, Ana	16	12	12	2,80
BRAÑAS RODRÍGUEZ, José María	14	12	14	2,30
CASTIÑEIRAS LESENDE, Ana	20	8	12	4,20
FERNÁNDEZ COSTOYAS, Ana María	13	13	14	1,95
FERNÁNDEZ VIEITO, Marcos	24	10	6	5,00
LÓPEZ FRIEIRO, Alfonso	15	19	6	1,85
LÓPEZ SOTO, Fátima	24	7	9	5,30
MARTÍNEZ ANEIROS, Diego	17	22	1	2,05
MEJUTO PÉREZ, Juan	17	10	13	3,25
OUTEIRAL SECO, Martín	17	6	17	3,65
PÉREZ GARROTE, Raúl	20	14	6	3,60
TEJO FUENTES, Belén	13	12	15	2,05

2º.- Tal e como especifican as bases, este exercicio terá carácter eliminatorio e puntuarase ata un máximo de dez puntos sendo necesario obter un mínimo de cinco puntos para superalo. Tendo en conta o anterior, os aspirantes que superaron o primeiro exercicio foron os seguintes:

APELIDOS E NOME	Resultado	Puntos
FERNÁNDEZ VIEITO, Marcos	APTO	5,00
LÓPEZ SOTO, Fátima	APTO	5,30

3º.- Conceder un prazo de reclamación de 5 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación deste anuncio.

As reclamacións poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Cedeira, na Sede Electrónica (<https://sede.cedeira.es>) ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á sede do tribunal a efecto de comunicacións, situada na Casa do concello rúa Real número 15, 15350 Cedeira (A Coruña).

De presentarse a reclamación por calquera medio distinto do Rexistro Xeral ou Sede electrónica deberá comunicarse ao concello a presentación da mesma, no prazo sinalado no parágrafo anterior, por correo electrónico á dirección correo@cedeira.gal ou por fax ao número 981 482 506.

3º.- Publicar como anexo as preguntas do primeiro exercicio e a táboa das respostas.

Cedeira, 5 de setembro de 2019.

A Presidenta,



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR NOMEAMENTOS INTERINOS OU CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS PARA O POSTO DE ARQUITECTO/A TECNICO/A - APARELLADOR/A

PRIMEIRO EXERCICIO 29 XULLO DE 2019 -TEMPO MÁXIMO: 60 MINUTOS

Sistema de avaliación: Cada pregunta respondida de forma correcta puntuarase con 0,25 puntos. Pola súa banda, as respostas erróneas restarán 0,10 puntos. Non se contabilizarán como erros as preguntas non contestadas.

Sinalar cun X a resposta que considere correcta en cada pregunta. No caso de que se rectifique algún erro indique claramente cal é a contestación que considera válida.

NOME E APELIDOS DO ASPIRANTE:

DNI:

-
1. O dereito a unha vivenda digna e adecuada regulado no art. 47 da Constitución Española é:
 - a) Un dereito fundamental.
 - b) Unha liberdade pública.
 - c) Un principio reitor da política social e económica.
 - d) Unha garantía constitucional.

 2. O Estado español, segundo o sinalado no artigo 137 da Constitución Española, organízase territorialmente:
 - a) En municipios e as provincias que se constituían. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus intereses.
 - b) Só en municipios, que gozan de autonomía para a xestión dos seus intereses.
 - c) Só en provincias e as comunidades autónomas que se constituían. Só as comunidades autónomas gozan de autonomía para a xestión dos seus intereses.
 - d) En municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constituían. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus intereses.

 3. Segundo a Lei 39/2015, si un informe debese ser emitido por unha Administración distinta da que tramita o procedemento en orde a expresar o punto de vista correspondente ás súas competencias respectivas, e transcorrese o prazo sen que aquel fose emitido:
 - a) Poderán proseguirse as actuacións.
 - b) Fixarase un novo prazo para emitir o informe.
 - c) Paralizarase o expediente e indicáraselle ao interesado a posibilidade de reclamar unha indemnización.
 - d) Comunicáraselle a situación ao superior xerárquico do órgano que tiña que emitir o informe.

 4. Segundo o artigo 30 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas:



- a) Sempre que por Lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.
 - b) Sempre que por Lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos.
 - c) Sempre que por Lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos, salvo que se trate dunha notificación telemática.
 - d) Ningunha das anteriores é correcta.
5. Segundo a Lei 9/2017, de contratos do sector público, considéranse contratos menores:
- a) Os contratos de valor estimado inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras; a 18.000 euros, cando se trate de contratos de subministracións ou servizos.
 - b) Os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contrato de obras, a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministracións ou de servizos.
 - c) Os contratos que teñan por obxecto obras de conservación necesarias para emendar o menoscabo producido polo tempo polo natural uso do ben e sen que afecten á súa estrutura.
 - d) Aqueles para cuxo obxecto non se requira a acreditación da clasificación empresarial por parte do contratista.
6. A teor do previsto no artigo 242 da Lei 9/2017, cando unha modificación do contrato de obras prevexa unidades de obra que deban quedar posterior e definitivamente ocultas:
- a) O importe destas non poderá superar o 5 por cento do orzamento primitivo do contrato.
 - b) Antes de efectuar a súa medición parcial deberáse comunicar á Intervención da Administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días para que, si o considera oportuno, poida acudir ao este acto nas súas funcións de comprobación material do investimento.
 - c) Deberá emitirse informe polo Director das obras e remitirse á mesa de contratación, para que autorice que sexan enterradas e ocultadas, cunha antelación mínima de cinco días.
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.
7. A relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, segundo a Lei de Expropiación Forzosa, deberá realizarse:
- a) Sempre, pola Administración expropiante.
 - b) Pola Administración expropiante ou polo beneficiario da expropiación.
 - c) Polo órgano competente para adoptar o acordo de expropiación.
 - d) Polo redactor do proxecto.
8. A característica esencial do procedemento expropiatorio de urxencia é que:



- a) Os prazos redúcense á metade.
 - b) Non cabe posterior dereito de reversión.
 - c) O prezo xusto fixase directamente polo Xurado de Expropiación de Galicia ou o Xurado Provincial de Expropiación.
 - d) A ocupación dos bens precede á fixación e pago do prezo xusto.
9. O alleamento ou permuta dos bens do patrimonio público do solo da Administración autonómica ou local realizarase:
- a) Por prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico na forma establecida na lexislación reguladora dos patrimonios das administracións públicas.
 - b) Por calquera prezo.
 - c) Por concurso público con procedemento aberto na forma establecida na lexislación de contratos das administracións públicas e patrimonial.
 - d) Por convenio urbanístico coa Administración.
10. A Lei de Ordenación da Edificación determina que a recepción da obra:
- a) Deberá realizarse sen reservas e abarcar a totalidade da obra.
 - b) Poderá realizarse sen reservas e poderá abarcar partes da obra.
 - c) Deberá realizarse sen reservas e abarcar a totalidade da obra ou fases completas e terminadas da mesma, cando así se acorde polas partes.
 - d) Poderá realizarse con ou sen reservas e deberá abarcar a totalidade da obra ou fases completas e terminadas da mesma, cando así se acorde polas partes.
11. A Lei de Ordenación da Edificación determina a documentación que constituirá o libro do edificio e que será, polo menos:
- a) A descrición do estado final das obras, as actas de comprobación do reformulo e de recepción, e as instrucións de uso e mantemento do edificio e as súas instalacións.
 - b) O proxecto (coa incorporación, no seu caso, das modificacións aprobadas), a acta de recepción, a relación identificativa dos axentes que interviñeron durante o proceso de edificación, as instrucións de uso e mantemento do edificio e as súas instalacións.
 - c) Memoria descritiva do estado final das obras, as actas de comprobación do reformulo e de recepción, os certificados de calidade dos materiais empregados na obra, e as instrucións de uso e mantemento do edificio e as súas instalacións.
 - d) Memoria descritiva e documentación gráfica do estado final das obras, as actas de comprobación do reformulo e de recepción, o certificado final de obra suscrito pola dirección facultativa, os certificados de control de calidade da execución da obra e certificados de calidade dos materiais empregados na obra.
12. O Código Técnico de Edificación:
- a) Será de aplicación, nos termos establecidos na LOE e coas limitacións que no mesmo se



- determinan, exclusivamente ás edificacións privadas cuxos proxectos precisen dispor da correspondente licenza ou autorización legalmente esixible.
- b) Será de aplicación, nos termos establecidos na LOE e coas limitacións que no mesmo se determinan, ás edificacións públicas e privadas cuxos proxectos precisen dispor da correspondente licenza ou autorización legalmente esixible.
 - c) Será de aplicación, nos termos establecidos na LOE e coas limitacións que no mesmo se determinan, a calquera obra, instalación e edificación pública e privada cuxos proxectos precisen dispor da correspondente licenza ou autorización legalmente esixible.
 - d) Ningunha das anteriores é correcta.
13. Indíquense qué documentos teñen que formar parte do proxecto básico segundo o Anexo do Código Técnico da Edificación (Parte I).
- a) Plano de urbanización, xustificación de seguridade en caso de incendio e orzamento detallado.
 - b) Plano de situación, prego de condicións, plano de emprazamento, xustificación de seguridade en caso de incendio.
 - c) Plano de situación, prego de condicións, plano de emprazamento.
 - d) Medicións, plan de control de calidade, plano de emprazamento.
14. De conformidade coa normativa que regula o visado colexial obrigatorio:
- a) Non é necesario cando os traballos sexan obxecto de informe da oficina de supervisión de proxectos.
 - b) Pódese eximir cando non se traten de traballos profesionais cuxo visado colexial sexa obrigatorio.
 - c) A a) e a b) son correctas.
 - d) Ningunha das anteriores resulta correcta.
15. Cal das seguintes non é unha peza vivideira de acordo coa definición do punto II do Decreto 29/2010
- a) Un salón de estar.
 - b) Un dormitorio
 - c) Unha cociña.
 - d) Un baño.
16. De conformidade co Decreto 29/2010, de 4 de Marzo, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Galicia, cal das seguintes afirmacións é correcta:
- a) Sempre que sexa compatible co planeamento e a normativa de protección patrimonial, en vivenda a altura libre mínima entre pavimento e teito acabado será de 2,20m e a altura libre mínima entre os forxados de solo e teito será de 2,50m.
 - b) En pezas baixo cuberta, en alomenos un 70% da superficie mínima esixible a peza deberá ter una altura igual ou superior a 2,50m, en estancias e cociñas, e a de 2,20m en aseos e baños.



- c) En actuacións de rehabilitación de edificios ou vivendas, en calquera caso, poderán manterse as alturas existentes, aínda que non se cumpra coas alturas libres mínimas fixadas polas Normas de Habitabilidade.
- d) Nas pezas baixo cuberta a altura mínima para o cómputo da superficie útil, a efectos de habitabilidade, será de 1,50 m.

17. Segundo o decreto 35/2000, os proxectos de reforma, rehabilitación ou restauración de edificios, servizos ou instalacións de titularidade privada e uso residencial:

- a) Deberán cumprir os requisitos esixidos ás de nova construción sempre que as obras que se van a realizar supoñan a modificación da configuración do edificio.
- b) Deberán dispor dun itinerario practicable que una as vivendas e os locais do edificio con espazos e dependencias de uso comunitario que estean ao seu servizo.
- c) Será preceptiva a instalación dun ascensor.
- d) Todas son verdadeiras.

18. Respecto ao estudo básico de seguridade,

- a) Deben estar localizadas e identificadas as zonas onde se realicen traballos incluídos nun ou varios dos apartados do anexo I do RD 1627/1997.
- b) O orzamento referenciarase respecto ao cadro de prezos sobre o que se calcula.
- c) Contemplará as previsións e as informacións útiles para efectuar no seu día, os previsibles traballos posteriores.
- d) Debe ter en conta a posibilidade de cambios no uso de maquinaria.

19. ¿Quen presentará a comunicación de apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente segundo o artigo 19 do RD 1627/1997?

- a) Os empresarios que teñan a consideración de contratistas de acordo con o disposto no real decreto.
- b) Os contratistas, subcontratistas e traballadores autónomos.
- c) O promotor.
- d) Ningunha das anteriores é certa.

20. O muros de contención están suxeitos ao seguinte réxime:

- a) A licenza cando superen o metro de altura.
- b) A licenza cando superen o metro e medio de altura.
- c) A licenza cando superen os tres metros de altura.
- d) Ningunha das anteriores resulta correcta.

21. A instalación de invernadoiros:

- a) Está suxeito a licenza municipal.



- b) Está suxeito a comunicación previa.
 - c) Non está suxeita a título habilitante de natureza urbanística por estar relacionado coa utilización racional dos recursos naturais.
 - d) Estará suxeita a licenza municipal ou comunicación previa en función do que dispoña a normativa municipal.
22. Segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, de solo de Galicia, no acto de outorgamento de licenza de edificación determinánsese os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das mesmas, así como por causa de interrupción delas:
- a) Na súa falta, non haberá prazo de caducidade.
 - b) Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os trinta meses, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
 - c) Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a tres meses.
 - d) Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
23. Segundo o artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 351 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei; indique cal dos seguintes non é un acto de edificación ou uso do solo sometido ao trámite de licenza municipal:
- a) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural.
 - b) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
 - c) As obras de demolición derivadas de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
 - d) A primeira ocupación dos edificios.
24. As determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio son de carácter:
- a) Orientativas e non excluíntes.
 - b) Potestativas.
 - c) Excluíntes e potestativas.
 - d) Orientativas e excluíntes.
25. O plan de ordenación do litoral, segundo as determinacións das DOT:
- a) Terá natureza de plan sectorial, e complementará á lexislación de costas estatal.
 - b) Terá natureza de plan territorial integrado.
 - c) Terá por obxecto o diagnóstico integrado do sistema litoral, no que se inclúen todos os terreos e elementos en que se produce algunha relación natural coa costa.
 - d) Terá por obxecto concretar as medidas de protección necesarias para o desenvolvemento



urbanístico no solo rústico de protección de costas.

26. O Plan de Ordenación do Litoral establece que:

- a) As determinacións deste serán directamente aplicables e prevalecerán sobre as do planeamento urbanístico, sen prexuízo do establecido nas disposicións transitorias, no ámbito de aplicación do POL.
- b) As determinacións deste serán directamente aplicables e prevalecerán sobre as do planeamento urbanístico, sen prexuízo do establecido nas disposicións transitorias, no solo rústico, urbano consolidado e solo de núcleo rural, incluídos na delimitación do ámbito de aplicación do POL.
- c) O planeamento urbanístico está vinculado xerarquicamente a este, e polo tanto, será directamente aplicable á nova clasificación urbanística do solo establecida polo POL.
- d) As determinacións deste serán directamente aplicables e prevalecerán sobre as do planeamento urbanístico que estará vinculado

27. Segundo o artigo 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en atención á concorrencia de razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública e protección do medio ambiente, a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público:

- a) Require licenza municipal ou autorización autonómica e pago do imposto por ocupación vía pública.
- b) Require comunicación previa.
- c) Require declaración responsable.
- d) Require licenza municipal e autorización autonómica.

28. De acordo con o disposto no artigo 25 da Lei 9/2013, do 14 de maio, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a comunicación previa presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que:

- a) Será declarado ineficaz polo concello de forma automática en caso de incumprimento sobrevivendo das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade.
- b) Non pode ser verificado nin controlado con posterioridade polo concello.
- c) Será declarado ineficaz polo concello, previa audiencia do interesado, en caso de incumprimento sobrevivendo das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade.
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

29. O ámbito de aplicación na normativa que regula a seguridade contra incendios nos establecementos industriais, inclúe:

- a) O xeral para o conxunto do CTE.
- b) A totalidade dos edificios regulados pola Lei de Ordenación da Edificación.
- c) Almacenamentos con carga de lume total, calculada segundo o anexo I, sexa inferior a dous



millóns de Megajulios (MJ).

- d) Ningunha das anteriores resulta correcta.
30. O ámbito de aplicación da lei 37/2003 do ruído, ¿cal das seguintes actividades comprende?:
- a) As actividades domésticas de carácter privado.
 - b) A actividade laboral de carácter público.
 - c) A actividade laboral de carácter privado.
 - d) Ningunha resposta é correcta.
31. Non é unha categoría de espazo natural protexido de acordo coa Lei 42/2007:
- a) O parque.
 - b) O monumento natural.
 - c) A paisaxe protexida.
 - d) O espazo natural de interese particular.
32. O tramo dunha estrada que discorre por solo clasificado como urbano polo correspondente instrumento de plan urbanístico denomínase:
- a) Treito urbano.
 - b) Travesía.
 - c) Rede arterial.
 - d) Travesía urbana.
33. Sinálese dos seguintes usos cales poden realizarse na zona de servidume de protección de costas sen necesidade de autorización administrativa en materia de costas:
- a) Vivendas unifamiliares.
 - b) Cultivos.
 - c) Talla de árbores.
 - d) Instalacións deportivas descubertas.
34. Conforme ao Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, sinálese a distancia máxima entre o produtor da vertedura e a rede de sumidoiros a partir da cal resulta obrigatoria a recepción do servizo por parte daquel:
- a) 20 metros.
 - b) 25 metros.
 - c) 50 metros.
 - d) Ningunha é correcta.
35. Nos supostos de incumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e de retirada de



especies arbóreas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa e arredor das novas instalacións, urbanizacións e edificacións, sempre que se atopen en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, a competencia sancionadora correspóndelle a:

- a) Á Administración xeral da Comunidade Autónoma.
- b) Aos concellos.
- c) Á Consellería de Medio Rural.
- d) Á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

36. De acordo co artigo 1.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia o patrimonio cultural de Galicia está constituído por:

- a) Exclusivamente polos inmobles e obxectos mobles, de interese para a permanencia da cultura galega, para os que se determina un réxime xurídico que persigue a súa protección, conservación, acrecentamento difusión e fomento, así como a súa investigación e transmisión ás xeracións futuras.
- b) Polos bens históricos que polo seu recoñecido valor propio deban ser considerados testemuño da permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.
- c) Polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que polos seus valores propios determinados deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.
- d) Exclusivamente polos bens culturais declarados Ben de Interese Cultural (BIC) ou incluídos no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia.

37. Unha intervención que afecte ao contorno de protección dun ben inmovible incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, require autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, no seguinte suposto:

- a) En calquera suposto.
- b) Obras de conservación e mantemento no interior das edificacións existentes.
- c) Aquelas que se manifesten cara ao espazo exterior público ou privado das edificacións existentes.
- d) Non require de autorización, senón de comunicación.

38. O contorno de protección subsidiario dun monumento catalogado situado en solo de núcleo rural histórico-tradicional é de:

- a) A propia parcela ou o espazo público no que se encontre o ben ata unha distancia de 20 metros para bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.
- b) 100 metros en bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.
- c) 200 metros en bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.
- d) Ningunha das anteriores resulta correcta.

39. Trátase de rehabilitar unha vivenda existente que está en terreos clasificados polo Plan Xeral de Cedeira como solo non urbanizable de núcleo rural. A edificación ten 3,00 metros de altura e foi



construída no ano 1965. A rehabilitación proxéctase mantendo o volume orixinario. ¿Cal sería a superficie mínima de parcela esixible e a ocupación máxima permitida?:

- a) 600 m² - 25%.
- b) 300 m² - 50%.
- c) 500 m² - 20%.
- d) Non se establece superficie mínima de parcela nin ocupación máxima.

40. Solicítase licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar en terreos clasificados polo Plan Xeral de Cedeira como solo non urbanizable de núcleo rural con ordenanza zonal de aplicación NN nunha parcela de 1000 m² que da fronte a un camiño rural de primeira orde. ¿A que distancia habería que situar a edificación respecto ao eixo do camiño?:

- a) 5 metros.
- b) Segundo a liña límite de edificación definida nos planos de ordenación consonte ao establecido na ordenanza de aplicación.
- c) 8 metros.
- d) A distancia que se indique no informe do órgano correspondente da administración titular da estrada.

PREGUNTAS DE RESERVA

1. Segundo o artigo 40 da Lei 39/2015, toda notificación debe ser cursada dentro do prazo:

- a) Dun mes desde que se ditou o acto.
- b) De dez días a partir da data en que o acto sexa ditado.
- c) De quince días naturais contados a partir do día do seu rexistro de saída.
- d) De oito días a partir da data en que o acto sexa ditado.

2. Os contratos menores que regula o artigo 118 da Lei 9/2017:

- a) Poderán prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e a concorrência para a súa adxudicación realizácese tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.
- b) Non poderán ser obxecto de prórroga.
- c) Poderán ter unha duración superior a un ano.
- d) Non poderán ter unha duración superior a un ano, pero poderán prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables.

3. En desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes, ordenar os volumes edificables, concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan, así como



- eliminar o catálogo de usos que non se consideren adecuados.
- b) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes, ordenar os volumes edificables, concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións, definir os viarios de nova apertura.
 - c) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes, ordenar os volumes edificables, concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan.
 - d) Ningunha das anteriores é correcta, posto que os estudos de detalla en ningún caso poden desenvolver plans parciais nin plans especiais.
4. Un cruceiro de pedra de cantería, labrado segundo a tipoloxía tradicional, datada a súa construción no ano 1910, recollido no catálogo de protección do patrimonio cultural do Plan Xeral, ¿a que réxime xurídico de protección do patrimonio cultural estaría sometido segundo a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia?:
- a) Réxime de protección dos bens declarados de interese cultural.
 - b) Réxime de protección dos bens catalogados.
 - c) Réxime de protección dos bens inventariados polo seu valor cultural.
 - d) Depende do catálogo do PXOM, xa que é o documento normativo que establece se un ben está declarado de interese cultural (BIC) ou si se incorpora ao Catálogo do patrimonio cultural de Galicia.
5. Unha vez notificada a caducidade da licenza, poderán realizarse:
- a) Obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento do valor expropiatorio.
 - b) Obras estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens e o valor do xa realizado, logo de autorización ou orde de execución por parte do concello.
 - c) Non se poderán iniciar nin proseguir as obras, en ningún caso.
 - d) Ningunha das anteriores resulta correcta.

NOME:

	CORRECTAS	RESPOSTAS
1	C	
2	D	
3	A	
4	A	
5	B	
6	B	
7	B	
8	D	
9	A	
10	D	
11	B	
12	B	
13	C	
14	C	
15	D	
16	B	
17	A	
18	C	
19	A	
20	B	
21	B	
22	D	
23	C	
24	D	
25	B	
26	A	
27	A	
28	C	
29	D	
30	D	
31	D	
32	A	
33	B	
34	C	
35	B	
36	C	
37	C	
38	C	
39	D	
40	A	
RESERVA		
1	B	
2	B	
3	C	
4	B	
5	B	

